

Selecciona mirando polo tema 5 do teu libro de sociais.

1. Con que tipo de fontes históricas coñecemos datos sobre o pasado?

Escritas

Orais

Materiais

Gráficas

2. Indica os tres materiais que as tribos do paleolítico empregaron para fabricar ferramentas.

madeira, óso, pedra

madeira, óso, marfil

pedra, óso, marfil

3. En que etapa da prehistoria se desenvolveu a linguaxe?

Paleolítico

Neolítico

I. dos metais

4. Onde apareceron as primeiras pinturas rupestres na Península Ibérica?

Costa cantábrica

Costa galega

Costa levantina

5. Que diferenza existe entre as pinturas da costa cantábrica e as da costa levantina?

Na costa cantábrica representan figuras animais e na levantina figuras humanas

Na costa cantábrica representan figuras humanas e na levantina figuras animais

Na costa cantábrica representan figuras xeométricas e na levantina figuras animais

6. Cal foi o primeiro animal domesticado polo ser humano?

Can

Gato

Cabra

Vaca

7. Nomea 4 inventos que xurdiron no Neolítico.

Arado, tear, carretilla, palanca

Arado, roda, cerámica, imprenta

Roda, tear, forno, cerámica

Tear, arado, lume, espada

8. Nomea 4 oficios que xurdiron na Idade dos Metais.

Ferreiro, gandeiro, tecelán, bombeiro

Ferreiro, tecelán, oleiro, gandeiro

Ferreiro, oleiro, policía, gandeiro

9. Que nome recibe o intercambio de produtos sen moedas que se levaba a cabo na Idade dos Metais.

Intercambio

Troco

Trocos

Trueque

10. Nomea dous transportes que utilizaban na Idade dos Metais.

Barco de vela, cabalo

Cabalo, mamut

Barco de vela, carro con rodas

11. Por que comezou a haber desigualdades sociais na Idade dos Metais?

Porque uns gañaban máis cartos ca outros

Porque os guerreiros empezaron a ser moi poderosos

Porque os que sabían construír un dólmen se consideraba mellor ca os demais

12. Que son as navetas?

Xoguete dos nenos da época

Cartas de pedra

Tumbas megalíticas

13. De que zona de España son típicas as navetas?

Galicia

Illas Canarias

Levante

Illas Baleares

